**XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**

| | |
|---|---|
| **SRES/AS ASISTENTES:**<br><br>**SR ALCALDE-PRESIDENTE ACCTAL.:**<br>D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO<br><br>**SRES/AS CONCELLEIROS/AS:**<br>D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ<br>D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ<br>D/Dª NATALIA HERMIDA RICO<br>D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL<br>D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO<br>D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ<br><br>**NON ASISTE**:<br>D/DªJOSÉ M.BLANCO SUÁREZ (SR.ALCALDE)<br><br>**SRA. INTERVENTORA XERAL:**<br>D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ<br><br>**SR. SECRETARIO XERAL:**<br>D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI | Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do un de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE ACCTAL., GUILLERMO SANCHEZ FOJO, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.<br><br>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.<br><br>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes: |

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG.DE XARO-CASTRO.**.- Ratifícase a cesión urbanística no Lugar de Xaro-Castro dunha finca cunha superficie de 179,00 $m^2$ (cento setenta e nove metros cadrados), libre de cargas, ao Concello de Narón, en base as cesións obrigatorias contempladas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón (PXOM), pola parcelación dunha finca (Exp.- V-47/2016); para destinala a vial.

3 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2015.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: "De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a tal respecto se formula o seguinte informe proposta

**A) ANTECEDENTES**

O Concello Pleno en data 29-09-2016 acordou solicitar autorización ó Ministerio de Facenda e Administracions Públicas para a reposición do 100% das prazas vacantes da policía local, para a aprobación da oferta de emprego público do ano 2015.

O Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en data 3-11-2016 comunica que o referido acordo plenario, xunto coa documentación que o acompaña, é conforme cos requisitos esixidos no artigo 20, Uno.2.C da Lei 48/2015, de 29 de outubro de Presupostos Xerais do Estado para 2016 .



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1. Artículo 91.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL)
2. Artículo 128.1 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local (TRRL) remiten, en cuanto a la aprobación de la Oferta de Empleo Público, a la legislación básica del Estado en materia de función pública.
3. Artículo 70 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP).
4. Articulo 21.Uno.2 c) Ley 36/2014 de 26 de diciembre de Presupuestos Generales del Estado para el año 2015. (LPGE)
5. Artigo 20.Uno.2.c), da Ley 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.
6. Artículo 35 de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais, modificado pola Lei 9/2016, de 8 de xullo
7. Artículo 34 del Reglamento de la Relación de Puestos de trabajo del Ayuntamiento de Narón aprobado por el Ayuntamiento Pleno de fecha 28 de enero de 2011

**C) INFORME PROPOSTA**

Á vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, se emite o seguinte informe proposta

**PRIMEIRO**.- Aproba-la oferta pública de emprego da corporación para o ano 2015 coa relación de vacantes dotadas presupostariamente que se detallan.

**SEGUNDO**.- A selección de persoal efectuarase mediante convocatoria pública, polos sistemas de oposición, concurso-oposición ou concurso, que se determinará nas bases da convocatoria, garantíndose os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

**TERCEIRO**.- As bases das convocatorias para prove-la praza someteranse á aprobación da Xunta de Goberno Local, concretándose nas mesmas as condicións e requisitos dos aspirantes, programas e exercicios das mesmas, publicándose no BOP e no DOG .

**CUARTO**.- Na presente oferta de emprego público clasifícanse as prazas segundo os grupos previstos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público

| Nº PRAZAS | GRUPO | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | C1 | Policia local |

A praza corresponde ó seguinte grupo:

Grupo C1- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Policía Local. Número de vacantes 1. Denominación: Policía Local."

Intervido e conforme en data 24-11-2016, documento INT10I018C, o concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 63/14; B 64/14; B 65/14; B 66/14; B 67/14 E B 68/14.**.- Dase conta de varias resolución da alcaldía sobre cargos de protección civil.

5 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL : B 1/15; B 2/15; B 3/15; B 4/15; B 8/15; B 9/15; B 12/15 E B 13/15.**.- **.**.- Dase conta de varias resolución da alcaldía sobre cargos de protección civil.

**O CARGO B 1/15 se retira da Orde do Día.**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**FÓRA DA ORDE DO DÍA** e previa declaración de urxencia, de conformidade co art. 83 do R.D. 2568/1986 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluí-lo seguinte asunto: A/ **PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO POBO XITANO EXERCICIOS 2016-2017.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 28-11-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I212), que textualmente dí:

*"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL*
*ASUNTO:Aceptación da subvención concedida pola Conselleria de Politica Social co obxecto de cofinanciar o programa de desenvolvemento Integral do Colectivo Xitano de Narón nos anos 2016-2017.*
*A Xefa do Servizo Sociocomuntario Municipal, Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :*

*ANTECEDENTES:*
*Mediante Resolución de Alcaldía de data 12-8-2016, (da que posteriormente se deu conta a Xunta de Goberno Local de15-9-2016), se aprobou a solicitude de Subvención a Conselleria de Politica Social para o programa de Desenvolvemento do colectivo Xitano en Narón , ao abeiro da orde 4-7-2016.*

*O día 27-10-2016, ten entrada non Rexistro Xeral do concello de Narón con Nº17.205, a Notificación da Resolución da solicitude de Subvención por parte da Conselleria de Política Social, na que se resolve a concesión de 49.700,52€*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS:*
*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
*-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
*-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
*-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
*-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
*-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*
*-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
*- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, (Na actualidade Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións Públicas).*
*- Orde de 4 de xullo de 2016 , publicado no Dog nº 135 de 18 de xullo de 2016 da Conselleria de Política Social.*

*En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomuntario Municipal informa a Concelleira Delegada en materia de Acción Social, para que propoña a Xunta de Goberno Local, a adopción das seguintes propostas:*

*1º Aceptar a subvención concedida pola Conselleria de Política Social para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.*

*2º O cadro de financiamento definitivo quedará do seguinte xeito:*

| | |
|---|---|
| *Importe total do programa* | *74.423,56€* |
| *Achega do Concello* | *24.723,04€* |
| *Subvención concedida pola Conselleria de Política Social* | *49.700,52€* |

*3º A achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:*

| *ANO* | *APLICACIÓN ORZAMENTARIA* | *IMPORTE* | |
|---|---|---|---|
| *2015* | *24/24100* | *425,18 €* | |
| *2016* | *24/24100* | *2.531,59 €* | |
| *2017* | *24/24100* | *632,79 €* | *3.589,56 €* |
| *2016* | *12723102/48000* | *21.133,48 €* | *21.133,48 €* |
| | *TOTAL* | | *24.723,04 €* |

*4ºA achega da Conselleria de Política Social desglósase do seguinte xeito:*

| *EXERCICIO* | *IMPORTE* |
|---|---|
| *2016* | *35.260,20 €* |
| *2017* | *14.440,32 €* |

"

Logo de ver o informe de intervención ( doc ICO10I091), tomada razón do documento SSO10I212 do expediente SSO/169/2016 en data 1-12-2016, a Concelleira delegada en materia de Acción Social propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**6º.- <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. Alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE ACCTAL.

Asdo.- GUILLERMO SANCHEZ FOJO

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es